

RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, do proxecto de modificación substancial do **parque eólico Acibal, situado nos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/6-4). DOG Núm. 69, do 14 de abril de 2021. **Fin prazo para alegacións: 26 de maio de 2021.****

NOME DO PROXECTO	PROMOTOR	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS E OUTROS	INFRAESTRUTURAS COMPARTIDAS, DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS A EFECTOS AMBIENTAIS, FRAGMENTACIÓN DE HÁBITATS E PERDA DE BIODIVERSIDADE
parque eólico Acibal	Norvento, S.L.U.	Barro, Moraña e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra. O Parque Eólico Acibal atópase nas elevacións que rodean ao denominado Monte Acibal (Campo dos Aguillóns), nos municipios de Moraña, Barro e Campo Lameiro. A aliñación principal das máquinas do parque localízase seguindo o eixo Nordés-Sueste do cordal montañoso de Acibal. As zonas de maior altitude corresponden con altos do Monte do Acibal, concretamente onde se proxecta a instalación da aeroxeradores AC01 e AC03	<p>– 4 aeroxeradores de ata 4.000 kW, de ata 119 m de altura de buxa, ata 155 m de diámetro de rotor e ata 175 m de punta de pa.</p> <p>– 4 centros de transformación de ata 5.500 kVA de potencia unitaria e relación de transformación 20/0,69 kV, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aeroxerador.</p> <p>– Rede de media tensión soterrada para evacuación de enerxía a 20 kV, de intercoñexión entre os centros de transformación 0,69/20 kV e a subestación transformadora 20/66 kV.</p> <p>– Subestación transformadora 20/66 kV para evacuación da enerxía producida no parque eólico, composta por un transformador principal 20/66 kV de 9/12 MVA ONAN/ONAF de potencia nominal e un transformador para servizos auxiliares 20/0,4 kV de 100 kVA de potencia nominal cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.</p> <p>– 1 torre anemométrica autoportante de ata 119 m de altura equipada con anemómetros, cataventos, medidor de temperatura, medidor de presión e logger rexistrador.</p>	<p>Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco dá Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A NON AFECCIÓN AOS ACUIFEROS E A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA TANTO SUPERFICIAIS COMO SOTERRADAS.</p> <p>O parque proxéctase entre as concas principais dos ríos Umia e Lérez. En canto á rede fluvial da área de actuación do proxecto, na zona de instalación existen tres cursos fluviais, constituídos por arrois sen nome, concretamente dous tributarios do río Rons e o rego de Santa Susana. Estes cursos fluviais serán afectados polos viais do proxecto.</p> <p>No caso do " rego de Santa Susana" desde o seu nacemento no monte Acibal, este leito verte as súas augas pola ladeira oeste a ríos de maior caudal como o río das Lamas, afluente á súa vez do río Chaín. Pola súa banda, os tributarios do río Rons, unha vez que atravesan as ladeiras sur do monte e as brañas de Amil comunican finalmente co citado río Rons e o encoro de Pontillón de Castro. O proxecto contempla o cruzamiento dos cursos fluviais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Rego de Santa Susana: coordenadas ETRS89 UTM cruzamiento X/E; 532.621/4.708.104. • Rego das Cortes (afluente do río Rons): coordenadas ETRS89 UTM cruzamiento X/E; 532.911/4.707.234. • Arroio innominado (afluente do río Rons): coordenadas ETRS89 UTM cruzamiento X/E; 533.178/4.707.356. <p>Afección moi severa e incompatible cos Hábitats dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:</p> <p>HIC 4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix</p> <p>HIC 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con Q. robur e Q. pyrenaica</p> <p>HIC 4030 Queirogais secos europeos e HIC 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con aliaga</p> <p>HIC 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con aliaga Medio</p> <p>7110* hábitat de turbeira. Prioritario.</p> <p>3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (Littorelletalia uniflorae)</p> <p>3260 Ríos, de pisos de planicie a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitricho-Batrachion</p> <p>8230 Roquedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo- Scleranthion ou do Sedo albi- Veronicion dillenii</p> <p>91E0* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior</p> <p>En canto ao hábitat de flora de ribeira pertencente ao código 91E0*, a promotora prevé a curta de pés de de Salix spp. na contorna do rego de Santa Susana.</p> <p>Afección severa a Humidais non inventariados pola Xunta de Galicia:</p> <p>O proxecto afecta ás Brañas de Amil con afección severa ao réxime de turbeiras e ás matogueiras húmidas do hábitat 4020* con presenza de herpetofauna non avaliada. Cómpre lembrar que a Administración non delimitou as superficies nin perímetros dos humidais de Galicia.</p> <p>Outros humidais próximos sen avaliación dos impactos que o proxecto puidera ter sobre os mesmos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Encoro de pontillón de Castro: situado a 2,4 km do aeroxerador máis próximo en dirección suroeste. • Fervenza do Barosa: a 3,54 km do parque eólico, en dirección noroeste. <p>Afección severa á zona de ditribución potencial do Escribano palustre.</p> <p>Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia.</p> <p>No artigo 12 do DECRETO 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia establécese o Programa de actuacións para a recuperación da especie e indícase que:</p> <p>Para a consecución dos obxectivos enumerados no número 2 do artigo 3 do presente decreto, establécese o programa de actuacións que figura no anexo III. A cada medida e actuación proposta asígnaselle un nivel de</p>	<p>A evacuación do Parque Eólico Acibal realizarase a través da denominada " L.A. T. 66 kV EVACUACIÓN P.E. ACIBAL".</p> <p>Trátase dunha liña aérea de alta tensión a 66 kV, de 4.399 m de lonxitude, con orixe no pórtico da futura subestación do Parque Eólico Acibal e final na futura L.A. T. 66 kV AP Nº 43 SET Pico Touriñán – SET Tibo, promovida por Enel Green Power.</p> <p>O Documento Ambiental da liña eléctrica, tivo entrada na por entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en data 31 de xaneiro de 2018, acompañado do correspondente proxecto técnico.</p> <p>O 22 de febreiro de 2018 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos notificou á Dirección Xeral de Enerxía e Minas o inicio do período de consultas previas, solicitando informe ás Administracións públicas afectadas e a persoas interesadas. Pronunciáronse a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o Instituto de Estudos do Territorio, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a Dirección Xeral de Saúde Pública e Augas de Galicia.</p> <p>Tras a avaliación de impacto ambiental simplificada realizada, por Resolución de data 3 de outubro de 2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formula o informe de impacto ambiental da liña de alta tensión a 66 kV de evacuación do Parque Eólico Acibal, concluíndo que non é previsible que xere efectos significativos sobre o medio ambiente.</p> <p>Polo tanto, trataríase dun parque que xa ten a liña de evacuación autorizada. Non obstante, este feito é inadmisíbel desde o punto de vista ambiental e legal.</p> <p>Este fraccionamento de proxectos deslexitima a legalidade do proxecto do parque eólico. Tanto o parque como a liña de evacuación e as súas infraestruturas asociadas constitúen un único proxecto a efectos ambientais e como tal debe ser tratado e avaliado. Polo tanto, pídesse a retirada do proxecto e o inicio dunha nova avaliación ambiental que contemple a totalidade das</p>

	<p>(570-585 m). Na zona máis ao norte do parque ("Canle de Salgueiro") localízase o resto das máquinas (AC02 e AC04) cun rango de altitudes algo menor que varía entre 530-545 metros.</p> <p>■■■■■■■■■</p> <p>Comunidades de montes afectadas:</p> <p>MVMC de Acibal de Rebón</p> <p>MVMC de Amil</p> <p>MVMC de Perdecanaí</p> <p>MVMC de Fragas</p>	<p>prioridade e un prazo de execución segundo o calendario que se indica no anexo IV. A realización das ditas medidas corresponderá á consellería competente en materia de conservación da natureza, dentro do seu ámbito de competencias. No anexo III contéplase como actuacións a determinación dos perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial con un rango de prioridade alto. A día de hoxe estes perímetros non foron determinados, polo que non se pode coñecer cales son estes perímetros nen o ámbito que abrangue a protección da especie. O proxecto do Parque Eólico Acibal afecta ás áreas cartográficas definidas nestes plans de recuperación, a do escribano palustre e cómpre avaliar en detalle como lle afecta, xa que logo, como se dixo os perímetros das áreas non están determinados pola Administración incumprindo a súa obriga establecida no Decreto citado.</p> <p>Afección severa e incompatible coa paisaxe. Impacto inasumible desde o punto de vista turístico.</p> <p>o Parque Eólico Acibal incide visulamente nas unidades de paisaxe definidas no POL, resultando ser as máis próximas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Esteiro do Léres: ao sur do parque eólico proxectado, a unha distancia de 7,0 km do proxecto. • Combarro: unidade localizada ao suroeste, a 8,7 km de distancia do proxecto. • Esteiro do Umia: ao oeste, a unha distancia dun 10,7 km de distancia do proxecto. <p>Os concellos que rodean ao parque eólico Acibal, caso de Moraña, Barro e Campo Lameiro, albergan numerosos elementos de interese turístico, tales como redes de sendeirismo, miradoiros, áreas recreativas, etc., ademais de gran potencial turístico:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ O Camiño Portugués a Santiago de Compostela ao seu paso polo municipio de Barro. <p>Este discorre polas parroquias da Portela, Agudelo e Barro, por unhas contornas naturais de gran valor paisaxístico. É interesante resaltar que no municipio de Barro a promoción do turismo céntrase no seu potencial para o sendeirismo grazas ás súas contornas naturais, do que é exemplo o espazo natural do río Barosa.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Roteiro de sendeirismo Campo Lameiro, no concello de Campo Lameiro. ✓ Centro de interpretación e parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro (municipio de Campo Lameiro). ✓ Áreas recreativas <p>Grave afección paisaxística:</p> <p>Dentro do ámbito de actuación do parque eólico (1 km) non se identificaron elementos catalogados de interese paisaxístico (natural, cultural, patrimonial, panorámicos, de uso, etc.).</p> <p>Na contorna de 5 km localizouse dous elementos de interese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Área de especial interese paisaxístico Río Barosa • Área de especial interese paisaxístico Castro de Penalba <p>A unha distancia de 5,5 km do parque eólico localízase outra área de interese;</p> <ul style="list-style-type: none"> • Áreas de especial interese paisaxístico "área arqueolóxica de Campo Lameiro" de Lodeiro (municipio de Campo Lameiro) e Monte Acibal (municipio de Moraña). ✓ Miradoiros de Cerdeiras e Campo Castelo, no concello de Moraña. <p>REDE NATURA afectada polo impacto visual significativo do parque eólico:</p> <p>Espazo ZEC-LIC Río Lérez situado ao sur do parque</p> <p>ZEC-LIC Serra do Cando.</p> <p>Non se contempla unha avaliación das repercusións do proxecto eólico e a súa liña de evacuación sobre a Rede Natura.</p> <p>☞ Ausencia de valoración das explotacións forestais e maderiras da área de afección do proxecto e que constitúen unha fonte de ingresos para as economías familiares.</p> <p>Afección visual severa ao Camiño de Santiago. Descontextualización cultural do Camiño e incremento do feísmo paisaxístico.</p> <p>Desde o trazado do Camiño portugués de Santiago pódense ver as infraestruturas do parque eólico ás que hai que engadir a liña de evacuación, obxecto doutro proxecto independente nunha clara división artificiosa dos proxectos aos efectos ambientais.</p> <p>Afección á Festa Rapa das Bestas e aos cabalos salvaxes, aspecto non avaliado.</p> <p>Localízase unha área recreativa e un curro no que se celebra a tradicional rapa deas bestas. É significativo</p>	<p>infraestruturas. O contrario constituiría fraude de lei e fragmentación artificiosa de proxectos co posible fin de obviar a adecuada tramitación ambiental.</p>
--	--	--	--

que no centro deste espazo localízase o límite entre os termos municipais de Moraña, Campo Lameiro, Pontevedra e Barro.

Outro aspecto para destacar en canto aos mamíferos nesta contorna é a presenza de cabalos en condicións de semiliberdade. O proxecto eólico non garante a conectividade ecolóxica, implica a fragmentación de hábitats e a perda de biodiversidade con gran afección para os cabalos salvaxes. Non hai máis que ver a fotografía que a promotora amosa no proxecto de estudo de impacto ambiental onde uns cabalos buscan a sombra dun aeroxerador ante a ausencia total de arborado. É evidente que durante a explotación do parque produciríanse afeccións sobre a especie.

A IMPORTANCIA CULTURAL DA FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO A RAPA DAS BESTAS:

* RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 1998, da Dirección Xeral de Turismo, pola que se publican as festas de Galicia de interese turístico, declaradas pola Administración turística estatal como de interese turístico nacional e local: A RAPA DAS BESTAS.

* Resolución do 21 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral de Turismo, pola que se concede o título de «Festa de Interese Turístico Internacional» a RAPA DÁS BESTAS de Sabucedo, da Estrada (Pontevedra).

Afección severa ao patrimonio cultural:

E1- GA36032037- CABEZA DE SAN PEDRO

E2-CRUZ GRABADA DE MATA CABALOS

E3-PETROGLIFO 1 DE RAMIL

E4-PETROGLIFO 2 DE RAMIL

E5-PETROGLIFO 3 DE RAMIL

E6- FUENTE 1 DE RAMIL

E7- FUENTE 2 DE RAMIL

E8- FUENTE 3 DE RAMIL

E9-PETROGLIFO DE CAMPOS DE ARMADA

E10-GA36038076- PETROGLIFO DE LOURAL

E1E12-CRUZ GRABADA 2 DE ESTADA1-CRUZ GRABADA 1 DE ESTADA

PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: SEN AVALIAR.